

# O HOME TRANQUILO

John Ford, 1952

# 992

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2022 | V.O.S.E. | 129 min

Sean Thornton, un boxeador norteamericano, regresa á súa Irlanda natal para recuperar a súa granxa e esquecer o seu pasado. Nada máis chegar namora de Mary Kate Danaher, unha moza moi temperamental, aínda que para conseguila deberá loitar contra os costumes locais, como o pago da dote e, ademais, contra a oposición do irmán da súa prometida.

«É tanto unha aventura  
antropolóxica como unha rapsodia  
romántica»

Richard Brody, THE NEW YORKER



## O filme inesquecible

Por David Sterritt

No 1942, John Ford ganara tres premios da Academia ao mellor director -os filmes foron *O delator* (1935), *As uvas da ira* (1940) e *Que verde era o meu val!* (1941)- e obtivo unha cuarta nominación por *A dilixencia* (1939). En calquera industria cinematográfica racional, un cineasta con ese historia debería ser capaz de levar un proxecto directamente á produción con calquera estudio. Porén, como Hollywood é un lugar ilóxico, Ford tivo que esperar nada menos que quince anos para poñer *O home tranquilo* diante das cámaras. O resultado foi un éxito inmediato, converteuse nun dos dez filmes que mellor funcionou ese ano e deulle a Ford o cuarto Oscar a mellor director, así como un cuarto Oscar á fotografía para Winton C. Hoch.

O heroe é Sean Thornton, un boxeador irlandés-estadounidense que se traslada ao seu lugar de nacemento irlandés para atopar as súas raíces. Tamén quere deixar atrás os seus recordos americanos, que inclúen as dificultades de crecer preto dos fornos das fábricas de aceiro "tan quentes que fan que un home olvide o medo ao inferno" e - como descubrimos moito máis tarde- unha traxedia no ring de boxeo, onde a súa despiadada vontade de gañar causou a morte dun oponente. Aínda traumatizado, non fala diso con ninguén, aínda que o único ministro protestante da vila (e principal aficionado ao boxeo) acaba entendéndoo.

Como moitos outros ao longo dos anos, encontro este filme irresistible. Pero tamén, como moitos outros, recoñezo que os tons chillóns, os sorrisos pícaros e outros ingredientes habituais son grandes problemas nun filme ambientado en Irlanda no que abundan as rubias apasioandas, os clérigos paternais, os valores patriarcais, o sentimentalismo que se pode cortar cun coitelo de manteiga e un reparto de persoaxes secundarios que non deixa ningún estereotipo sen tocar. As acusacións de estereotipos étnicos e políticas de xénero retrógradas perseguiron *O home tranquilo* desde a súa estrea, empezando polas obxeccións dos cidadáns irlandeses cando se estreou. Como observa o crítico e biógrafo de Ford, Joseph McBride, demasiados filmes daquela época retrataban Irlanda como pobre, atrasada e anticuada, e tal condescendencia irritaba aínda máis nunha época na que os problemas recentes e actuais facían que moitos irlandeses se sentisen realmente vulnerables. Dito isto, porén, os estereotipos non son tan malos como afirman os críticos máis severos.

O filme é un conto de fadas de principio a fin, imposible de confundir coa realidade. O que máis conta, en última instancia, é a súa gloriosa imaxinería. Gallagher capta unha das claves da súa brillantez cando describe a Mary Kate e a Sean intercambiando as súas primeiras miradas a través dunha fila de árbores e suxire que "esta primeira vista... é xa un recordo a través do tempo". A memoria é moitas veces o corazón do cinema de Ford, incluído este filme. *O home tranquilo* non é tan lexendario como *Centauros do deserto* (1956), nin profunda como *O home que matou a Liberty Valance* (1962), nin inxustamente esquecida como *Un crime por hora* (1958), pero podería dicirse que é o máis inesquecible de todos.

Publicado en <https://www.cineaste.com/spring2017/the-quiet-man>



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*Simetrías. Los 5  
actos en las películas  
de John Ford,*  
Paulino Viota Cabrero.  
Athenaica, 2022

*La diligencia,*  
John Ford.  
a contracorrientefilms  
[DVD + libro]